

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E NOVE DE XUÑO DE DOUS MIL DOCE: - - - - -

PRESIDENTA:

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

- D^a M^a Paz Lago Martínez
- D. Salvador Durán Bermúdez
- D^a M^a Isabel González Domínguez
- D. Marcos Guisasola Padín
- D^a María Deza Martínez
- D. Constantino Sanmartín Quiñones
- D^a Almudena Aguín Fernández
- D. Gonzalo Gonzalo Pita
- D^a M^a Cruz Barbeito Barreiro
- D. Francisco Villaverde Otero
- D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
- D. José Buezas Méndez
- D. David Otero Domínguez
- D^a Sandra Fernández Agraso
- D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

NON ASISTE:

D^a Vanesa Rodríguez Maneiro

INTERVENTOR:

D. José-Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e nove de xuño de dous mil doce, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA,** reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan para celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

1º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DE CONTRATO DO “SERVIZO DE LIMPEZA E CONSERXERÍA DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DEPENDENTES DA ENTIDADE LOCAL E DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS ADMINISTRATIVOS”. O Sr. Secretario dá conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 26 de xuño de 2012.

O Sr. **Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, aínda que valorou o esforzo da empresa concesionaria para eliminar horas e traballo e polo tanto servizos, conseguindo recortar onde sexa posible, lamentou que estes axustes vaian afectar ao final á parte mais débil, como son os traballadores da empresa, manifestando que neste punto se ían abster.

A Sra. **Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, logo de sinalar que votarían a favor porque calqueira rebaixa neste momento contaría co seu apoio, incidiu na aposta que noutros países se está a facer pola xestión directa e o emprego público, que suporía un custo menor para as administracións, á parte de que neste contrato se podían abaratar prezos, dadas as persoas que se contrataban para algúns locais, como o CEIP de Portonovo.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, recordou que este contrato tiña unha vixencia de catro anos e que agora só quedaba un, chamándolle a atención que a estas alturas aínda exista a posibilidade de negociación, o que quere dicir que, ou ben se negociou mal, ou que se vai producir un recorte de servizos que prexudicará aos usuarios, engadindo que a consecuencia destas modificacións van a ser despedidos e maior precariedade laboral para os empregados. Por último aludiu a que, no seu día, se falou que con este contrato se facía unha blindaxe ante as folgas, o que resulta chamativo respecto de como debeu negociarse o contrato.

O Sr. **Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou o agradecemento aos membros do SAL e do PSOE polo sentido do seu voto e sinalou que, ao igual que non se pode pagar o que non vale, tampouco se pode pensar nunha folga para aboar por un servizo mais do que custa e recalcou que este contrato vence en xaneiro.

O Sr. **Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, dixo que a negociación para conseguir unha modificación como esta, tratando de alterar o menos posible a calidade dos servizos a prestar, foi dura e que este contrato, como xa se dixo anteriormente, finaliza en xaneiro e aínda que existe a posibilidade de prórroga por dous anos mais, estase a valorar licitalo. No que respecta ás intervencións defensoras da xestión directa, dixo que a complexidade do propio servizo e do convenio regulador das condicións de traballo, son factores a ter en conta para manter a súa externalización, se ben se estudarán e valorarán todas as posibilidades.

A Sra. **Aguín Pombo** manifestou que se se calcula o que custan os contratos en varios centros, como o de Portonovo, resulta que existe un exceso importante, polo que se trata dun contrato sobrevalorado.

O Sr. **Otero Domínguez**, destacou o dito por un membro do goberno municipal respecto de que non se pode pagar o que non vale e engadiu que este contrato se negociou sen valorar se o seu custo era o axeitado, pero neste concello estase na dinámica de privatizar todo, non podendo escudarse para iso nun convenio que aprobou o goberno municipal, estándose a dicir na rúa que os

contratos do concello saen caros.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** aludiu a que no seu día o BNG foi o grupo decisivo á hora de determinar a privatización do servizo de recollida de lixo e que en concellos gobernados por esta formación política ,o proceso de privatización é moito mais amplo que aquí.

O **Sr. Guisasola Padín** interviu para informar que a partir do mes de xullo o mantemento do centro de saúde de Baltar e, conseguintemente, os gastos de limpeza, pasarán á Xunta de Galicia, o que suporá, aproximadamente, un aforro neto total de 154.000 euros sen IVE.

A **Sra. Alcaldesa** explicou que a empresa adxudicataria non vai facer esforzo algún, sinxelamente, axustará a plantilla aos servizos que presta, á parte de agradecerlles a súa vontade para a negociación, posto que nestes tempos é necesario adaptarse á realidade. Explicou que nunca dixo que este contrato estaba blindado cara a unha folga de traballadores, senón que Sanxenxo nunca tivo ese tipo de incidencias, o que demostra a existencia dun traballo detrás. Proseguiu sinalando que neste concello hai moitos servizos que se prestan directamente, facendo un esforzo maior do realizado noutros concellos, aínda que reconece que tamén é necesario cambiar a mentalidade laboral, que ten que evolucionar moito, polo que neste momento a xestión directa é difícil.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a **proposta a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (Grupo municipal do Partido Popular, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: APROBAR A MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE “SERVIZO DE LIMPEZA E CONSERXERÍA DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SANXENXO DEPENDENTES DA ENTIDADE LOCAL E DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS ADMINISTRATIVOS” conforme a proposición da concellería de facenda que se adxunta a esta proposta e que supón unha redución de gasto anual de 94.417,19 euros sen IVE.

SEGUNDO: Comunicar o presente acordo á concesionaria á efectos de formalización da modificación do contrato, que en todo caso, entrará en vigor a partir do 1 de agosto de 2012.-----

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CESIÓN DA TITULARIDADE DO POSTO Nº 24 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DE SANXENXO, A FAVOR DE D. MARCELINO AROSA DASILVA. O **Sr. Secretario** dá conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 26 de xuño de 2012.

O **Sr. Gonzalo Pita**, voceiro do **Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, manifestou que, ao revés do seguinte punto na orde do día, neste cambio de titularidade, non pon ningunha obxección.

Non se producen mais intervencións e a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, sendo aprobada por **unanimidade** dos membros presentes da Corporación e, en consecuencia, o Concello Pleno adoptou o seguinte acordo:

**** AUTORIZAR a cesión da titularidade da concesión demanial do Posto Fixo Núm. 24 do Mercado Municipal de Abastos de SANXENXO -Primeiro Andar- actualmente a nome de D^a LEONISA OTERO RODRÍGUEZ, en favor de D. MARCELINO AROSA DASILVA, polo período que resta da concesión (ata o 17 de Xuño de 2.061, xa que as concesións actuais dos postos fixos teñen unha duración do 50 anos (ao ser persoa física o cedente e o cesionario) a partires da entrada en vigor do Regulamento de Mercados de Abastos do Concello de Sanxenxo, en virtude do disposto no Artigo 7 desta disposición.-----**

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA COMPETENCIA PLENARIA PARA AUTORIZACIÓNS DE CAMBIOS DE TITULARIDADE DAS CONCESIÓNS DEMANIAIS DOS POSTOS FIXOS DOS MERCADOS MUNICIPAIS DE ABASTOS. O Sr. Secretario dá conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 26 de xuño de 2012.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, indicou que quitar competencias ao Pleno vai en contra da democracia, non vendo necesidade do cambio e precisando que, de moitos dos asuntos que se deciden neste concello, a oposición ten que enterarse polos xornais.

A Sra. Aguiñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, indicou que votaría a favor da proposta, dado que a axilidade administrativa non permite demoras pola celebración dos Plenos, aínda que non hai moitos expedientes deste tipo, solicitando que se de conta ao Pleno dos acordos que neste materia tome a Xunta de Goberno.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, lamentou que se sigan restando competencias ao Pleno, votándolle a culpa do que se tarda en xestionar, cando o problema é outro, posto que dende o goberno municipal sempre se deixa todo para última hora, recordando que o regulamento leva aprobado mais dun ano e este punto non era mais cun novo reflexo do tratamento que se lle da neste concello ás iniciativas da oposición, co que se dilúe a democracia.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, puntualizou que a democracia nunca se deteriora cando se cumpre a lei, como neste caso e recordou que o punto anterior non tivo debate, sendo este tipo de asuntos os que teñen que resolverse dentro da vida ordinaria do concello.

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, dixo que a finalidade desta proposta era axilizar a administración e, como proba diso, puxo a data de solicitude resolta no punto anterior, que estivo a esperar á celebración desta sesión.

O Sr. Gonzalo Pita, manifestou que era distinta a autorización dun cambio de titularidade, do debate sobre a delegación de competencias, non encontrando motivo para que esta se leve á Xunta

de Goberno.

O **Sr. Otero Domínguez** considerou que sobrevaloraban á Xunta de Goberno e, á vista do que se trata alí, tampouco lle parece que sexa para iso, engadindo que se debía permitir á oposición acceder á información municipal e as actas daquel órgano chéganlles dous meses e medio despois da celebración das sesións, cando tiña que procurarse a máxima transparencia, facilitando a participación da oposición nos diversos órganos municipais, como nos de contratación, recordando que no seu día se aprobou un regulamento de bo goberno que prevía estas cuestións e que non se cumpre.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo**, puntualizou que as sesións da Xunta de Goberno se convocan coa debida antelación e que os expedientes están a disposición dos concelleiros para a súa consulta.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que se intentaba dar a imaxe de que neste concello non hai transparencia, cando todos teñen acceso ao que trata a Xunta de Goberno, sendo a interviniente a primeira en estar de acordo en que a Alcaldía non tivese tantas competencias e polo tanto responsabilidades, pero a lei, precisamente, o que está a buscar é axilidade na tramitación administrativa.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a **proposta a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 5 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

*** DELEGAR NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL a competencia plenaria para autorización de Cambios de Titularidade das concesións demaniais dos Postos Fixos dos Mercados Municipais de Abastos.**-----

4º) SOLICITUDE ANTE A XERENCIA TERRITORIAL DO CATASTRO DE PONTEVEDRA, REVISIÓN PONENCIA DE VALORES RDL 1/2004, DO 5 DE MARZO.

O **Sr. Secretario** dá conta do ditame da Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 26 de xuño de 2012.

O **Sr. Gonzalo Pita**, voceiro do **Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, indicou que chegaba tarde este acordo, posto que o PXOM se aprobou no ano 2003 e agora a ponencia se realizará no 2014 e entrará en vigor no 2015, cando ao longo destes anos xa houbo propostas para facer esta revisión, co que no camiño se quedaron millóns de euros, estando o seu grupo á expectativa dos valores que se vaian propoñer, para que non se apliquen similares aos que ten a Xunta para sucesións e doazóns, engadindo que se ían abster neste punto.

A **Sra. Aguíñ Pombo**, voceira do **Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, explicou que en

Sanxenxo, durante todos estes anos, houbo inxustiza tributaria, aludiu a que a última revisión se produxo en 1995 e o PP goberna dende 1999, cunha deixadez total, posto que sucesivos informes da intervención municipal, a partir do ano 2005, xa indicaban que se debía proceder á revisión da ponencia. Continuou dicindo que este acordo vai supoñer un incremento medio para os veciños de 150 a 160 euros anuais, nunha situación económica moi grave, á parte do incremento do gravame xa aprobado e que pagarán os veciños de Sanxenxo e non os que veñan de vacacións ou se lucraron como consecuencia da aprobación do PXOM, polo que considera que agora non é o momento para aplicar esta revisión, que se debeu facer moito antes, polo que van votar en contra.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, sinalou que cando algo chega tan tarde non é xusto e incidiu en que moitos dos que se fixeron millonarios, a efectos catastrais, eran propietarios de solo rústico, o que equivalía a unha amnistía fiscal. Engadiu que o goberno municipal trae esta proposta por necesidade, ao estar incluída no plan de axuste que se realizou para pagar aos provedores, sendo unha decisión improvisada.

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, aludiu a que esta era unha medida de xustiza social, recordou o deficiente funcionamento do catastro e que non podían facer unha modificación parcial en determinadas zonas, tal e como intentaron nun principio. Explicou que os valores non os pon a Xunta de Galicia, senón que unha empresa privada é a que realiza o traballo de campo, previa contratación, o que fai inviable que se realice no ano 2013, ocupado por outros concellos, en todo caso, tratase dunha tarefa complicada e intentarase que paguen todos. Tamén lamentou que nunha reunión a que foron convocados os membros da oposición, explicóuselles este asunto e non se produxo aportación algunha e agora se falan para facer política.

A **Sra. Aguín Pombo,** empezou dicindo que o **Sr. Guisasola Padín** herdou unha situación anterior que non era doada, pero ten que asumilo, acusou ao PP de desidia na xestión deste asunto e sinalou que os índices, aínda que non os fixa a Xunta, se os aplica e recada, reafirmándose na indicación do que ía supoñer de media para cada veciño esta revisión da ponencia de valores e explicou que a gran inxustiza tributaria era que non pagaron todos, pero este non era o momento adecuado, cando ademais nos encontramos cun mal ano en turismo e cunha reforma laboral que merma o diñeiro dispoñible.

O Sr. Otero Domínguez, en primeiro lugar afirmou que está a esperar que este asunto se defenda adecuadamente polo grupo de goberno, intervindo en primeiro lugar e non agardando a que o fagan os demais, o que considera unha actitude cobarde. Proseguiu dicindo que o xusto sería aplicar a revisión da ponencia cando houbo que facela e agora, á parte de chegar nun momento en que a economía familiar está nunha situación pésima, o certo é que este PXOM non é definitivo, xa que hai que adaptalo ao Plan de Ordenación do Litoral, preguntando que se vai facer co solo urbano non sectorizado, polo que consideraba adecuado facer coincidir esta revisión de valores coa futura adaptación do PXOM.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, indicou que o problema era que pasaron nove anos dende a aprobación do PXOM e que a xustiza tributaria é que paguen todos, non só os de sempre, tamén os das macrourbанизacións aprobadas co PXOM e recordou que, no seu día, o BNG pediu que esta revisión se realizase, finalizando a súa intervención para sinalar que se vai intentar recadar mais e, se é posible, que os que xa estaban pagando, aboem un pouco menos, utilizando os mecanismos que da a normativa.

O **Sr. Guisasola Padín** indicou que esta ponencia de valores afectaría a tres millóns de metros cadrados, recordoulle á **Sra. Aguin Pombo** que o incremento, xa existente no IBI, suporía un aumento dez por cento da taxa e defendeu que agora era bo momento para realizar esta revisión, porque os valores están a baixa, á parte de que a lei permite unha serie de medidas para minimizar o impacto dunha revisión que terá por obxectivo que paguen todos, pedindo a todos os corporativos que participen nos traballos que se van realizar.

A **Sra. Alcaldesa** calificou de demagóxicas as intervencións da oposición e considerou impresentable que non se vaia apoiar unha medida que anteriormente pediran, engadindo que o PXOM supuxo un importante enriquecemento para os veciños de Sanxenxo, engadindo que foi un erro ligar o financiamento dos concellos ao ICIO, xa que cando a construción comezou a baixar, as entidades locais quedaron sen soporte financeiro, explicou que dende o ano 2003 ao 2009 o valor do solo non parou de subir e agora está á baixa, polo que o momento é adecuado. Tamén manifestou que o tipo en Sanxenxo é dos máis baixos de Galicia, sendo o problema o valor que se da ao solo, sinalando que coa aprobación da nova ponencia de valores, se poderá baixar o tipo. Por último indicou que non estarían nesta situación se antes se houberen adoptado as medidas necesarias para evitar os problemas de financiamento local.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a **proposta a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en contra: **2 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).**

Votos pola **Abstención: 5 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Ratificar a solicitude efectuada pola alcaldía de Sanxenxo, mediante escrito de 29/05/12.

SEGUNDO: Comprometerse a achegar a xerencia información urbanística municipal, rueiro municipal, información municipal disponible sobre posibles propietarios respecto de inmobles de titular catastral descoñecido ou outros requirimentos similares.

TERCEIRO: Comprometerse a asinar medios económicos de apoio á Depuración e Actualización das Bases de Datos nunha contía aproximada de 18.000 €, considerando os traballos que realiza a Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra e tendo en conta que os custos das notificacións son asumidos polo ORAL que ten asinado un convenio coa Dirección Xeral do Catastro para estes cometidos.

CUARTO: Poñer a disposición da Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra os medios materiais e humanos cos que conta o Concello de Sanxenxo para colaborar nas tarefas administrativas necesarias durante todos os trámites do procedemento de valoración.-----

5º) PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2012. ORZAMENTOS SEPARADOS. CADRO DE PERSOAL. O Sr. Secretario dá conta do ditame da Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 26 de xuño de 2012.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, en primeiro lugar aplaudiu a forma de reivindicación dun colectivo presente na sesión e a continuación indicou que non lle parecía lóxico que este punto tan importante veña no número cinco. Sinalou que seguen manténdose soldos e dedicacións exclusivas e parciais que non son xustificables neste momento e fixo referencia ao informe de intervención e a que os presupostos están condicionados pola mala xestión realizada na lexislatura anterior, tendo que figurar neles o plan de axuste, o plan económico financeiro do 2011 ao 2013 e recoñecéndose unha partida de un millón de euros para facer fronte ás sentenzas xudiciais, cantidade que vai quedar curta, en cambio, se dedica practicamente cero euros a infraestruturas e investimentos, engadindo que votarán en contra dos presupostos.

A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, sinalou que mentres que os veciños se apretan o cinturón en medio dun plan de axuste brutal, os corporativos do grupo de goberno manteñen o seus soldos e así, mentres que o salario medio é de 16.500 euros, en Sanxenxo, por dedicacións parciais, se pagan 27.000 euros, precisou que só se deron 48 horas a oposición para estudar uns orzamentos sen practicamente investimentos e cun millón de euros para cubrir sentenzas xudiciais, sen aludir a responsabilidades porque se busca diluirlas, cando todo isto foi consecuencia da mala xestión dos gobernos municipais, anunciando que votarán en contra dos orzamentos.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, destacou que este presuposto confirma a tendencia de baixada en picado en materia económica do Concello de Sanxenxo, xa que o superavit practicamente se introduce con calzador nas contas municipais. Asimesmo é un orzamento condicionado por un plan económico financeiro que abarca do 2011 ao 2013 e por un plan de axuste, para pagar as débedas aos provedores, tan só ata decembro de 2011 e que deixa hipotecado ao concello ata o ano 2022 e o futuro para todos os veciños. Pola contra presupóstanse novecentos mil euros para indemnizacións urbanísticas, cando esta cantidade tan só é a punta do iceberg do que se vai afrontar. Tamén indicou que neste momento todo o mundo se apreta o cinturón menos o goberno municipal e que o final de todo isto será en vía penal no xulgado.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, sinalou que non se falou do presuposto, porque non o estudaron os intervinientes anteriores, precisando que as sentenzas hai que cumprilas e que na comisión informativa correspondente o Sr. Interventor explicou as razóns do superavit a todos os asistentes, finalizando a súa alocución para indicar que, do que se debería falar neste punto da orde do día, era do presuposto.

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, dixo que se trataban duns presupostos restritivos pero realistas, manténdose servizos que son superiores aos que se dan, mesmo en capitais de provincia, estando adaptados ao plan de axuste e sendo equilibrados, engadindo que existe o superavit polos motivos técnicos e contables que el expuxo e que xa explicou o Sr. Interventor na comisión informativa. Tamén incidiu en que se suprimiron subvencións que neste momento non se poden asumir, coa idea de que, sempre que sexa posible, se poidan volver outorgar en futuros exercicios. Asimesmo elimináronse as horas extras para todo

o persoal municipal e engadiu que se baixa o déficit e se presupostan cantidades para cumprir as sentenzas que hai que acatar.

O **Sr. Gonzalo Pita** manifestou que na empresa pública, ao igual que na privada, o obxectivo é xestionar ben, esto non se fixo anteriormente e agora recóllense os froitos que indignan aos diversos colectivos do concello, manténdose en cambio o organigrama político coas súas retribucións, tamén aludiu a que sería o colmo que non se mantiveran os servizos cando os veciños pagan os seus impostos e os recursos que tivo este concello se dilapidaron, non facendo caso dos informes de intervención, cando dende o ano 2007, advertían da situación na que se encontraba o concello.

A **Sra. Aguín Pombo** sinalou que se suprimen as subvencións ás ANPAS e aos clubs deportivos, e, en cambio, mantéñense oito dedicacións exclusivas e parciais, cando en Vilagarcía, con moito mais habitantes, tan só hai dúas dedicacións exclusivas, producíndose un enfado porque dende o goberno non se asume a crise, con salarios de 39.000 e 27.000 euros cando, ao non ter practicamente investimentos, pouca xestión hai que facer, lendo a continuación unha intervención do Sr. Rodríguez Lorenzo no pleno do 26/05/2009, con ocasión da aprobación dos presupostos, contraria a que tivo agora, tal vez porque nestes momentos está no goberno municipal e cunha nómina de 39.000 euros.

O **Sr. Otero Domínguez** destacou a retirada de subvencións ás asociacións e preguntou onde quedou o plan de “AcuaNorte”, que tan beneficioso era para o Concello de Sanxenxo, engadindo que parecía que, co plan de axuste e co importe dedicado, no peor momento, a sentenzas xudiciais, se pretendía evitar responsabilidades, botándolle toda a culpa unicamente ao goberno estatal anterior.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** matizou que o presuposto se debate presentando emendas, non como se fixo neste debate e indicou que os concelleiros que non están no goberno municipal cobran 90,15 euros por asistencia a sesión, contabilizando ao longo do ano unha cantidade que tan só é por vir ás sesións e, en cambio discútense o que cobran outros por traballar. Tamén indicoulle ao **Sr. Gonzalo Pita** que existe unha importante diferenza entre a empresa pública e a privada como é que na primeira non se traballa por beneficios e na segunda se.

O **Sr. Guisasola Padín** en primeiro lugar deixou constancia da errata, xa corrixida, respecto da asignación á concellería de seguridade, que figuraba con 39.000 euros, cando na realidade son 27.000 euros e, nese sentido, expedirase a correspondente certificación. A continuación resaltou que practicamente todo o montante de pago aos provedores correspondía ao ano 2011, o que significa que tampouco había tanto atraso. Criticou como demagóxica a intervención que se fixo sobre o importe dos salarios dos concellerías de dedicacións exclusivas e parciais e recordou, que tamén se retiraron as asignacións aos grupos políticos, á que o PP renunciou dende fai varios anos, sen que a oposición faga o mesmo con respecto as do ano 2011.No que fai referencia a retirada das subvencións esperan poder restablecelas, se a situación acompaña, para o vindeiro ano.

A **Sra. Alcaldesa** dixo que a cantidade de 54.000 euros era o que lle costaba ao concello, non o que cobraba, cantidade que alcanza os 2.700 euros ao mes por presidir todos os organismos do concello, pagándose todos os gastos. Engadiu que a comisión informativa se convocou facía unha semana e que dende o grupo de goberno se fixo un traballo exahustivo mantendo servizos na difícil situación en que se encontra a economía. Manifestou que cos impostos municipais non se

financian, nin de lonxe, os servizos que se prestan e afirmar o contrario é estar fora da realidade. Recordou que o presuposto do concello en 1998 era de seis millóns de euros e na actualidade, ascende a 36 millóns, sendo este incremento un gran logro. Por último indicou que era evidente que a dedicación parcial por 20 horas non quería dicir que só se traballara este tempo, senón moito mais, tan só significa que non se aporta á Seguridade Social, porque xa se dispón doutro traballo.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta someteu a proposta a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 7 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Aprobar o orzamento xeral consolidado do Concello de Sanxenxo para o ano 2012 que integra o da propia entidade local, o O.A. Terra de Sanxenxo, o O.A. Xerencia de urbanismo, a previsión da sociedade mercantil Nauta Sanxenxo e a previsión da sociedade mercantil Ínsula por un importe total de 36.048.925,89 € en ingresos, e a 30.953.772,64 €, en gastos (despois de eliminacións internas), as eliminacións ascenden en termos legais de consolidación a 6.504.037,87 €. euros, co seguinte desglose:

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	E. LOCAL	TERRA	XERENCIA	NAUTA	ÍNSULA	TOTAL	ELIMINACIÓNS	CONSOLIDACIÓN
1	7.488.444,76	0,00	0,00	0,00	0,00	7.488.444,76	659.661,09	6.828.783,67
2	1.518.674,07	0,00	0,00	0,00	0,00	1.518.674,07	0,00	1.518.674,07
3	5.305.298,39	668.825,89	234.500,00	2.817.431,82	0,00	9.026.056,10	0,00	9.026.056,10
4	3.322.271,04	4.292.190,87	1.675.494,52	10.000,00	15.000,00	9.314.956,43	5.844.376,78	3.470.579,65
5	57.632,27	25,00	74,87	100,00	0,00	57.832,14	0,00	57.832,14
6	100.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	100.000,00	0,00	100.000,00
7	0,00	0,00	0,00	6.385.626,30	0,00	6.385.626,30	0,00	6.385.626,30
8	0,00	0,00	0,00	559.661,09	0,00	559.661,09	0,00	559.661,09
9	5.101.712,87	0,00	0,00	3.000.000,00	0,00	8.101.712,87	0,00	8.101.712,87
TOTAL	22.894.033,40	4.961.041,76	1.910.069,39	12.772.819,21	15.000,00	42.552.963,76	6.504.037,87	36.048.925,89

ESTADO DE GASTOS

CAP.	E. LOCAL	TERRA	XERENCIA	NAUTA	ÍNSULA	TOTAL	ELIMINACIÓNS	CONSOLIDACIÓN
1	3.909.027,13	1.651.861,87	582.770,12	472.500,00	0,00	6.616.159,12	0,00	6.616.159,12
2	7.314.936,99	2.274.786,28	1.232.385,00	1.262.953,06	15.000,00	12.100.061,33	659.661,09	11.440.400,24
3	576.542,52	6.000,00	0,00	72.222,02	0,00	654.764,54	0,00	654.764,54
4	5.994.207,17	166.735,00	0,00	0,00	0,00	6.160.942,17	5.844.376,78	316.565,39
6	0,00	77.230,21	0,00	9.568.172,53	0,00	9.645.402,74	0,00	9.645.402,74
7	125.480,61	0,00	0,00	0,00	0,00	125.480,61	0,00	125.480,61
8	0,00	0,00	0,00	900.000,00	0,00	900.000,00	0,00	900.000,00
9	1.030.000,00	0,00	0,00	225.000,00	0,00	1.255.000,00	0,00	1.255.000,00
TOTAL	18.950.194,42	4.176.613,86	1.815.155,12	12.500.847,61	15.000,00	37.457.810,51	6.504.037,87	30.953.772,64

SEGUNDO: Aprobar o cadro de personal que figura como anexo do orzamento e que se aproba conxuntamente co orzamento de acordo co disposto no artigo 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local.

TERCEIRO: Proceder á exposición pública do orzamento aprobado polo prazo de quince días

hábiles, mediante anuncio que se insertará no boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de reclamacións, entendéndose, definitivamente aprobado no caso de que estas non se presentaran.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a **Presidencia** dá por rematada a sesión, sendo as doce horas e trinta minutos, de todo o que eu, como **Secretario, dou fe:**